


MANUAL DE CALIDADE

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Escola Internacional de Doutoramento



Índice 01

ELABORACIÓN

VALIDACIÓN

APROBACIÓN

Área de Calidade

Comisión de Calidade
da Eido

Comité de Dirección
da Eido

Data e sinatura

Data e sinatura

Data e sinatura

Histórico das evolucións:

Índice	Data	Elaboración	Motivo das principais modificacións
00	27.04.2017	Área de Calidade	Creación do <i>Manual de calidade da Eido</i> , no marco do programa Fides-Audit (sistemas de garantía de calidade).
01	27.11.2018	Área de Calidade	Cambios nas epígrafes: -Estrutura institucional de calidade: actualización das competencias dos órganos de goberno e nova referencia aos grupos de investigación. -Procesos do SGC: orientación cara un SGC institucional e actualización do nome dalgúns procesos.

Índice

Presentación

Introdución

A calidade na Universidade de Vigo

A Escola Internacional de Doutoramento (Eido) da Universidade de Vigo

Presentación da Eido

Organigrama

Elementos estratéxicos da Eido

Misión e visión da Universidade de Vigo

Política e obxectivos de calidade da Eido

Sistema de garantía de calidade

Alcance

Obxectivos xerais do SGC

Estrutura organizativa e de responsabilidades sobre calidade

Estrutura institucional (transversal) de calidade

Estrutura de calidade na Eido

Procesos do Sistema de garantía de calidade

Directrices

Referencias legislativas e normativas

Mapa de procesos

Xestión da documentación

Anexos

1 Política e obxectivos de calidade

2 Listaxe de procedementos en vigor

3 Listaxe de distribución da documentación de calidade

Presentación

Introdución

A Declaración de Boloña, no ano 1999, establece como un obxectivo fundamental a promoción da cooperación europea en calidade co obxecto de desenvolver criterios e metodoloxías comparables no seu sistema de educación superior.

Os *Criterios e directrices para a garantía de calidade no Espazo Europeo de Educación Superior* (EEES) establecidos por ENQA¹ e os seus membros e entidades colaboradoras marcan, no ano 2005, o primeiro paso para establecer un conxunto de valores, expectativas e boas prácticas relativos á calidade e á súa garantía amplamente compartidos entre as institucións e as axencias do EEES.

Estes criterios e directrices son aplicables a toda a educación superior impartida no EEES, e, na súa actualización no ano 2015, inciden na conexión da ensinanza e da aprendizaxe coa investigación e coa innovación, isto é, co Espazo Europeo de Investigación (EEI).

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, define a estrutura dos ensinos universitarios en tres ciclos: grao, mestrado universitario e doutoramento. O seu desenvolvemento legislativo estatal (Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro) e autonómico (Decreto 222/2011, do 2 de decembro) establece o marco para mellorar a calidade en todas as áreas da actividade universitaria e para regular os procesos de verificación, seguimento e acreditación dos programas de doutoramento².

Con todo isto, o programa Fides-Audit da ACSUG³ establece as directrices para deseñar os sistemas de garantía de calidade (SGC) das escolas de doutoramento do sistema universitario de Galicia. Este deseño debe permitir demostrar a calidade destas e dos seus programas, aumentar a súa transparencia e axudar a crear unha confianza mutua e un maior recoñecemento das súas cualificacións e programas formativos.

¹ENQA: Asociación Europea para a Garantía de Calidade na Educación Superior.

² O detalle da lexislación e normativa aplicable pode consultarse na epígrafe *Referencias lexislativas e normativas*.

³ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

A calidade na Universidade de Vigo

Os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados no 2010, establecen no seu artigo 2º. b) «A consecución das máximas cotas de calidade en docencia e investigación» como un dos seus fins prioritarios.

Xa desde a súa creación, a Universidade de Vigo converte a calidade nun valor central do seu desenvolvemento, a través da súa participación en distintos plans e programas de xestión e avaliación da calidade. Estes teñen a súa orixe no ámbito dos centros e das súas titulacións oficiais, promovidos polo Consejo de Universidades e polas axencias de calidade [ANECA](#)⁴ e [ACSUG](#), ou ben noutros estándares de calidade, que se aplicaron no ámbito dos servizos, laboratorios e centros de investigación.

Acontecementos destacables en relación coa calidade:

- 1996: participación no Plan nacional de avaliación da calidade das universidades (PNECU), publicado no Real decreto 1947/1995, do 1 de decembro, e promovido polo Consello de Goberno.
- 1997: acreditación por ENAC⁵ do primeiro laboratorio da Universidade segundo a norma ISO/IEC 17025, o laboratorio de calibración eléctrica (Lace) da Escola de Enxeñaría Industrial.
- 2001: participación no II Plan de calidade das universidades.
- 2002: certificación da primeira entidade baixo a norma ISO 9001, o laboratorio de microbioloxía da Facultade de Ciencias.
- 2003: participación no plan de avaliación institucional (PEI) da ANECA.
- 2008: I Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2008-2012). Elaboración e posta en marcha do Plan Avante de calidade no ámbito de xestión.

- 2010: o proxecto Campus do Mar, liderado pola Universidade de Vigo, seleccionado como Campus de Excelencia Internacional.
- 2010: certificación do primeiro centro de apoio á investigación da Universidade baixo a norma ISO 9001, o Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI).
- 2010-2011: mapa de titulacións adaptadas ao EEES.
- 2010-2012: certificación do deseño dos SGC segundo o modelo Fides-Audit de todos os centros académicos, propios e adscritos, da Universidade.
- 2013: certificación da implantación do SGC segundo o modelo Fides-Audit dos dous primeiros centros: a Facultade de Bioloxía e a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. No ano 2018, están certificados un total de doce facultades e escolas.
- 2013: certificación da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat), centro de apoio á investigación, baixo a norma ISO 9001.
- 2015: constitución da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.
- 2015: aprobación no Comité de Dirección da Eido do 12/03/2015 da estrutura do SGC provisional da Eido, que é substituída por este Manual de calidade.
- 2017: comezo do desenvolvemento do SGC da Eido segundo o modelo Fides-Audit.
- 2018: certificación do Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio), centro singular de investigación, baixo a norma ISO 9001.

A experiencia destes procesos permite enfocar o deseño do SGC da Eido empregando criterios de eficacia e de eficiencia en relación con todos os seus grupos de interese.

⁴ANECA: Axencia Nacional de Avaliación e Calidade.

⁵ENAC: Entidade Nacional de Acreditación

A Escola Internacional de Doutoramento (Eido) da Universidade de Vigo

Presentación da Eido


A Eido é un centro de educación superior universitaria da Universidade de Vigo que ten a finalidade de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e as actividades propias do doutoramento.

O acordo de creación da Eido foi aprobado o 21 de decembro de 2012 polo Consello de Goberno, e esta fíxose efectiva coa publicación do Decreto 95/2013, do 13 de xuño, polo que se crean as escolas de doutoramento nas universidades do sistema universitario de Galicia (DOG do 26 de xuño de 2013).

Antes, o Consello de Goberno aprobou o Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo o 20 de xullo de 2012, que establece, entre as finalidades das escolas de doutoramento, a seguinte: «Desenvolver un modelo de formación doutoral flexible interdisciplinaria e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da Universidade».

Os datos de contacto e a información xeral da Eido están dispoñibles na súa páxina web:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento>

Organigrama

Elementos estratéxicos da Eido

Misión e visión da Universidade de Vigo

Misión

A Universidade de Vigo é unha institución pública, autónoma, aberta ao contorno e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia, mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia do coñecemento, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade pluricultural e plurilingüe na cal se insire.

Visión

A Universidade de Vigo aspira a ser un referente innovador dentro do sistema universitario na docencia, a investigación básica e aplicada, a xestión e a transferencia da ciencia e o coñecemento, a internacionalización das súas actividades, en especial en Latinoamérica e nos países lusófonos, e a integración harmónica coa contorna. É, ademais, un instrumento socialmente vertebrador e catalizador do debate intelectual e das novas ideas.

A Universidade de Vigo, unha universidade pública, galega e de calidade, quere consolidarse como unha institución igualitaria, plural e participativa, comprometida coa cooperación institucional, a solidariedade e a preservación do medio natural, recoñecida e valorada pola formación integral do seu estudantado, tanto no campo profesional coma persoal, pola calidade dos servizos ofrecidos, pola eficiencia, eficacia e transparencia da súa xestión e polo seu prestixio académico.

Política e obxectivos de calidade da Eido

A política de calidade é o documento de referencia do SGC. Constitúe a formalización da estratexia da Eido sobre calidade e, polo tanto, o seu compromiso coa calidade e coa mellora continua.

Esta estratexia desenvólvese para acadar os obxectivos de calidade, que se concretan no tempo mediante as metas.

Este compromiso débese reflectir na aplicación efectiva desta política en todas as actividades ligadas ao funcionamento dos programas de doutoramento e dos procesos do sistema de garantía de calidade, así como nas liñas de acción que se acorden.

A implantación da política e dos obxectivos de calidade garántese a través de:

- A súa comunicación (publicación na páxina web da Eido, difusión e promoción por outros medios, información aos órganos de representación...).
- A súa posta en práctica e control, a través da aplicación dos procedementos e das accións de calidade e das actividades de formación, información e sensibilización.
- A súa revisión periódica, co obxecto de garantir a súa continua adecuación e vixencia (véxanse os procedementos do proceso de *Dirección estratéxica*).

O anexo 1 deste Manual de calidade formaliza a política e os obxectivos de calidade da EIDO.

Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade de doutoramento da Universidade de Vigo ten un carácter institucional.

Está dirixido e coordinado a través da Escola Internacional de Doutoramento.

O seu deseño, desenvolvemento e mellora están orientados a levar a cabo a política e os obxectivos de calidade na oferta formativa dos doutoramentos e así acadar tamén os obxectivos xerais que deseguido se mencionan.

Alcance

O ámbito de aplicación do sistema de garantía de calidade abrangue **todos os** programas oficiais de doutoramento adscritos á Eido, sexan responsabilidade administrativa ou non da Universidade de Vigo.

A relación de programas de doutoramento pode consultarse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/doutoramento>

Obxectivos xerais do SGC

O obxectivo final do SGC é mellorar a calidade da formación do estudiantado, o que implica:

- Garantir a calidade das actividades formativas, a investigación e a xestión dos programas de doutoramento impartidas na Universidade de Vigo, e
- Satisfacer as expectativas e as necesidades dos seus principais grupos de interese: doutorandos/as, persoal doutor egresado, profesorado, direccións e titorizacións das teses, persoal de administración e servizos, empresas colaboradoras, a propia universidade e a sociedade en xeral, tendo en conta

os criterios e as directrices do programa Fides-Audit e das establecidas para avaliar a ensinanza.

Con todo isto, espérase:

- Responder aos compromisos ante a sociedade en xeral.
- Ofrecer a transparencia esixida no marco do EEES.
- Incorporar estratexias para mellorar continuamente.
- Ordenar as iniciativas formativas e de xestión para que contribúan de xeito eficaz a garantir a calidade.
- Facilitar o proceso de acreditación dos programas de doutoramento implantados.

Estrutura organizativa e de responsabilidades sobre calidade

O SGC **de doutoramento** desenvólvese, tanto no ámbito estratéxico coma no operativo, a través de diversos órganos da Universidade baixo os principios de interdependencia, coordinación e participación.

Estrutura de calidade institucional (transversal)

As funcións e as responsabilidades institucionais básicas en relación coa calidade están determinadas nos Estatutos da Universidade:

Consello Social

«A contribución á calidade da Universidade e á elevación do seu nivel» (artigo 30.º b).

«A aprobación dun plan anual de actuacións destinadas a promover as relacións entre a Universidade e o seu contorno cultural, profesional, económico e social ao servizo da calidade da actividade universitaria» (artigo 30.º d).

Consello de Goberno

«A promoción da constante mellora da calidade da Universidade » (artigo 39.º ab).

Reitor ou reitora

«O reitor ou reitora é a máxima autoridade da Universidade de Vigo e desempeña a súa representación. Exerce a dirección, o goberno e a xestión da Universidade, desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados correspondentes e executa os seus acordos» (artigo 56.º).

Preside a Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.

Secretaría Xeral

Resolución do 21 de xuño de 2018 de delegación de competencias, artigo XII:

Deléganse no secretario xeral as seguintes competencias:

(...)

f) A organización e a dirección a xestión da calidade na universidade e os procesos asociados.

Ademais, exerce a presidencia da Comisión Académica de Calidade da Universidade.

Xerencia

«O ditado de instrucións e de ordes de servizo tendentes á eficacia da xestión administrativa e á coordinación das distintas unidades de administración universitaria» (artigo 74.º e).

Ademais, exerce a presidencia da Comisión Técnica de Calidade da Universidade.

Comisión de Calidade da Universidade de Vigo

Regulamento da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo, artigo 1:

A Comisión de Calidade da Universidade (aprobada polo Consello de Goberno do 2 de marzo de 2015) será a encargada de tratar aquelas cuestións que teñan que ver coa planificación, o desenvolvemento e avaliación da calidade na docencia e na xestión. Asemade, será a encargada de contribuír á definición e facer o seguimento do sistema de xestión da calidade da Universidade de Vigo, da súa política de calidade, dos obxectivos nela definidos e dos seus resultados. Para levar adiante estas funcións, constitúense unha Comisión Académica de Calidade e unha Comisión Técnica de Calidade que asumirán o traballo sobre as cuestións relacionadas coa calidade nos centros, departamentos e nas titulacións de grao, mestrado e doutoramento, a primeira, e sobre as cuestións relacionadas coa calidade nos servizos, a segunda.

A Área de Calidade fornecerá o apoio técnico necesario a estas comisións.

Área de Calidade

A Área de Calidade ten por misión centralizar, coordinar e xestionar as actividades institucionais sobre calidade no seo da Universidade de Vigo. Ten atribuídas as seguintes funcións principais:

- Xestionar os programas institucionais de calidade nos distintos ámbitos de funcionamento da Universidade (docencia, xestión e investigación).
- Apoiar, asesorar e coordinar as diferentes actividades institucionais en materia de calidade na Universidade.
- Promover o desenvolvemento dunha cultura de mellora.

Facultades e escolas

«A participación nos procesos de avaliación da calidade e a promoción activa da mellora da calidade da súa oferta académica» (artigo 13.º m).

Grupos de investigación

Un grupo de investigación defínese como unha agrupación estable de persoal investigador con plena capacidade para o desenvolvemento da actividade, con obxectivos comúns e infraestruturas e recursos compartidos e suficientes para permitir unha actividade de I+D+i continuada e competitiva.

Departamentos

«A participación nos procesos de avaliación da calidade institucional e a promoción activa da mellora das súas actividades docentes e investigadoras» (artigo 17.º g).

É un dereito do **persoal docente e investigador** «A participación nas iniciativas de control de calidade da docencia e investigación da Universidade de Vigo» (artigo 86.º c).

Tamén, é un dereito do **estudantado** «Recibir unha formación integral e un ensino de calidade efectivo, tanto teórico como práctico, nos termos establecidos nos plans de estudos» (artigo 100.º a).

Esta estrutura principal está complementada por outras funcións e responsabilidades sobre calidade previstas nos Estatutos da Universidade e nas normativas ou noutros documentos de carácter organizativo.

Estructura de calidade na Eido

Comité de Dirección

O Comité de Dirección da Eido, conforme ao RD 99/2011, é o órgano colexiado que realiza as funcións de organización e de xestión desta.

Como órgano colexiado de representación e de decisión da Eido, é o principal responsable do SGC dos seus programas de doutoramento; é dicir, do seu desenvolvemento, implantación, revisión e mellora.

Ademais das funcións descritas no seu regulamento de réxime interno (RRI), correspóndenlle, en materia de calidade, aprobar:

- A política e os obxectivos de calidade.
- O manual de calidade.
- Os procedementos de calidade.

Dirección

A persoa que desempeña a dirección, asistida polo seu equipo de dirección, lidera, impulsa, coordina e supervisa as actividades da Eido (art. 14 do seu RRI).

É quen representa o centro e, neste sentido, é o máximo responsable en materia de calidade. Preside a comisión de calidade da Eido e é garante da difusión da cultura de calidade nela.

O equipo de dirección complétase coa secretaría académica e coas subdireccións que autorice o Consello de Goberno. Unha das persoas do equipo de dirección terá o encargo da coordinación de calidade.

Coordinación de Calidade

A proposta do nomeamento da persoa coordinadora de calidade correspóndelle á dirección da Eido.

A súa misión principal será a de impulsar a implantación, o mantemento e a mellora dos distintos programas ligados á calidade na Eido e nos seus programas adscritos, así como axudar á difusión da cultura de calidade.

A súas funcións son:

- Dinamizar a política de calidade da Eido.
- Informar o equipo directivo sobre o desempeño do SGC e de calquera necesidade de mellora.
- Coordinar as actuacións das persoas responsables de calidade dos programas de doutoramento.
- Promover a comunicación entre os distintos grupos de interese e o equipo directivo en materia de calidade.
- Dinamizar a implantación, o desenvolvemento e o seguimento do SGC.
- Coordinar a planificación e o desenvolvemento dos programas de calidade (verificación, modificación, seguimento, acreditación...).
- Promover o coñecemento das responsabilidades sobre calidade das persoas implicadas.
- Supervisar, en colaboración coas persoas responsables de calidade dos programas de doutoramento, as accións de mellora que se determinen.
- Exercer a secretaría da comisión de calidade.

Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade da Eido é un órgano colexiado.

As persoas que a integran son elementos clave no desenvolvemento dos programas de calidade da escola. Ademais da súa participación activa nas funcións específicas da comisión, deben ser axentes dinamizadores da xestión de calidade na Eido.

A comisión ten representación dos distintos grupos de interese na actividade da Eido, e constitúese para:

- Discutir e propoñer a política e os obxectivos de calidade, así como revisar ambos os dous para actualizalos, cando proceda.
- Debater e validar, se procede, o manual de calidade e os procedementos de calidade da Eido.
- Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade da EIDO e dos seus programas de doutoramento adscritos, así como propoñer as melloras pertinentes.

- Colaborar coa implantación, co desenvolvemento e co seguimento do SGC.
- Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da formación doutoral en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.
- Participar activamente en todos os procesos académicos relativos á oferta formativa da Eido (verificación de novos programas; modificación, suspensión ou extinción dos existentes; procesos de acreditación), e emitir a súa valoración e de acordo coa normativa vixente.
- Intercambiar, debater e propoñer a participación da Eido en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.

A composición da comisión de calidade debe seguir a política de igualdade da Universidade de Vigo e estará integrada polos seguintes membros:

- A dirección, que a preside.
- O/A coordinador/a de calidade, que actúa como secretario/a.
- Un/Unha responsable de calidade dos programas de doutoramento por cada ámbito recoñecido no RRI da Eido.
- O/A xefe/a do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, ou persoa na que delegue.
- Un/Unha representante do estudantado de doutoramento.
- A dirección da Área de Calidade ou persoa en quen delegue.

Participarán tamén nas sesións, en calidade de persoas invitadas, con voz pero sen voto:

- Un/Unha representante do estudantado egresado.
- Un/Unha representante das entidades colaboradoras representadas no comité de dirección da Eido.

Ademais, poderán participar nas reunións da comisión de calidade outras persoas, particularmente persoal técnico de calidade, responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento), representantes de programas de doutoramento, estudantes de doutoramento ou outras persoas, cando o seu

asesoramento ou participación se estime oportuno e así se faga constar na convocatoria.

A elección dos membros non natos segue as seguintes normas:

- A dos responsables de calidade dos programas de doutoramento farase no comité de dirección, seguindo o mesmo procedemento que se utilice para a elección da representación dos/as coordinadores/as dos programas de doutoramento adscritos á escola na comisión permanente (artigo 12 do RRI da Eido).
- A do estudantado de doutoramento farase no comité de dirección polo estudantado que forma parte deste.
- A da representación do estudantado egresado farase no comité de dirección por designación da presidencia da comisión.
- A da representación das entidades colaboradoras farase no comité de dirección por designación da presidencia da comisión entre a representación das entidades neste.

A comisión de calidade reunirse polo menos dúas veces ao ano no marco da revisión de resultados.

Comisión académica do programa de doutoramento (CAPD)

A CAPD, conforme ao RD 99/2011, é a responsable da definición, actualización, calidade e coordinación do programa de doutoramento.

Responsable de calidade do programa de doutoramento

Cada CAPD, no marco das súas responsabilidades sobre calidade no desenvolvemento do programa de doutoramento, nomeará a unha persoa responsable en materia de calidade, que ten como funcións a de colaborar coa Eido e, en particular, con quen coordine a calidade, no desenvolvemento, implantación, seguimento e mellora dos procesos de calidade no programa.

Os obxectivos, a natureza, os fins, os recursos e a estrutura organizativa e de responsabilidades dos órganos de goberno da Eido están descritos no seu [RRI](#), aprobado polo Consello de Goberno da Universidade o 14 de outubro de 2014.

Procesos do Sistema de garantía de calidade

O Sistema de garantía de calidade de doutoramento estrutúrase nun mapa de procesos que combina:

- procesos institucionais: as súas competencias son responsabilidade de órganos institucionais.
- procesos específicos: as súas competencias son responsabilidade de órganos específicos da Eido.


O mapa de procesos reflicte de xeito gráfico esta estrutura.

Directrices

O seguinte cadro recolle como o SGC da Eido harmoniza as directrices nacionais (programa Fides-Audit) e internacionais (*Criterios e directrices para a garantía de calidade no EEES*) sobre calidade no ámbito universitario e responde ás esixencias expresadas nelas.

Directrices do programa Fides-Audit (ACSUG)	Directrices do EEES (ENQA)	Documentos do SGC asociados
1 Política e obxectivos de calidade	1.1 Política de calidade	<ul style="list-style-type: none"> - Manual de calidade - Estratexia - Revisión do SGC - Control dos documentos - Control dos rexistros
2 Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	1.2 Deseño e aprobación dos programas	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño e aprobación dos programas - Seguimento, mellora e acreditación dos programas - Suspensión e extinción dos programas
	1.7 Xestión da información	
	1.9 Seguimento continuo e avaliación periódica dos programas	
	1.10 Ciclo externo de garantía de calidade	
3 Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centradas no estudantado	1.3 Ensinanza, aprendizaxe e avaliación centradas no/a estudante	<ul style="list-style-type: none"> - Aprendizaxe e avaliación dos/as doutorandos/as - Xestión da mobilidade - Autorización e defensa da tese
	1.4 Admisión, progresión, recoñecemento e certificación do estudantado	<ul style="list-style-type: none"> - Admisión - Atención ao estudantado e orientación profesional - Xestión das QSP - Medición da satisfacción
4 Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	1.5 Persoal docente	<ul style="list-style-type: none"> - Xestión do persoal académico - Xestión do persoal de apoio
5 Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	1.6 Recursos de aprendizaxe e de apoio ao estudantado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestión dos recursos materiais e servizos
6 Información pública	1.8 Información pública	<ul style="list-style-type: none"> - Información pública e rendemento de contas.

A listaxe de procedementos vixentes, cos seus índices de evolución, está dispoñible no anexo 2 «Listaxe de procedementos en vigor».



Ciclo de mellora continua da formación universitaria.

(Fonte: programa Fides-Audit. Guía para deseñar os sistemas de garantía de calidade da formación universitaria –ACSUG–)

Referencias lexislativas e normativas

Ademais das directrices definidas con anterioridade, a garantía de calidade na Eido desenvólvese tendo en conta outras consideracións e esixencias:

Referencias lexislativas básicas

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, de universidades.
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o rexistro de universidades, centros e títulos.
- Real decreto 791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.
- Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, modificado polo Real decreto 534/2013, do 12 de xullo, polo Real decreto 43/2015, do 2 de febreiro e polo Real decreto 195/2016, do 13 de maio.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.
- Decreto 222/2010, do 2 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 161/2015, do 5 de novembro.
- Decreto 95/2013, do 13 de xuño, polo que se crean as escolas de doutoramento nas universidades do sistema universitario de Galicia.
- Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de xuño de 2012 que modifica a Orde do 20 de marzo de 2012, que desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.
- Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de xullo de 2012, e modificado tras os acordos do Consello de Goberno do 6 de xuño de 2014 e do 7 de febreiro de 2017.
- Regulamento de réxime interno da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno o 14 de outubro de 2014.

Normas e estándares de calidade


- Criterios e directrices para a garantía de calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ENQA).
- Programa Fides-Audit. Guía para deseñar os sistemas de garantía de calidade (ACSUG).
- Norma UNE-EN ISO 9000:2015: sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.

Outras referencias

- Lei orgánica 3/2007, do 2 de decembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*. Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.
- Regulamento do uso da lingua galega, aprobado polo Consello de Goberno do 2 de marzo de 2015.
-

A normativa que atinxe ás actividades da Universidade pode atoparse no seguinte repositorio institucional:

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/arquivo-normativa>



Xestión da documentación

A estrutura documental do SGC está deseñada para responder as directrices mencionadas na epígrafe anterior. Está composta por:

- O manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade da Eido e outros anexos.
- Os procedementos de calidade, algúns dos cales tamén teñen anexos.
- Outros documentos de apoio, elaborados en función das necesidades.
- Os rexistros de calidade.

Manual de calidade

É o documento principal do SGC, no cal se expón a política e os obxectivos de calidade, así como o seu alcance, e a estrutura organizativa e de responsabilidades en materia de calidade. Ademais, precisa os procesos de funcionamento do SGC (e os procedementos que os describen)

Contén varios anexos, que poden evolucionar (actualizarse), de xeito independente ao manual.

Modo de xestión (aplicable á creación e ás modificacións posteriores):

- Redacción: as propostas de elaboración son responsabilidade da Área de Calidade, que pode contar coa colaboración da dirección da Eido ou doutro persoal involucrado.
A comisión de calidade da Eido informa do manual antes da súa validación, coas suxestións consideradas.
- Validación: a comisión de calidade da Eido valida cada modificación.
- Aprobación: o comité de dirección da Eido aproba cada modificación.

A redacción, validación e aprobación formalízanse a través da sinatura (manuscrita ou electrónica) no documento orixinal.

- Modificacións: cada actualización dos contidos do manual xera unha evolución do seu índice, que se incrementa nunha unidade en cada vez, sendo o primeiro 00.

- Difusión: a responsabilidade da súa difusión, interna e externa, recae na dirección da Eido.
- Arquivo: o arquivo do documento orixinal das distintas versións aprobadas do manual é realizado pola coordinación de calidade da Eido, sen límite no tempo. As versións non activas (anteriores) do manual arquívanse cun selo ou marca coa lenda «Obsoleto».

Procedementos de calidade

Os procedementos describen os procesos de funcionamento do SGC, isto é, as actividades desenvoltas e as súas responsabilidades. Desenvolven e complementan o manual de calidade e poden incluír documentos anexos.

Incorporan referencias aos resultados e indicadores dos procesos que permiten analizar os datos para tomar as decisións oportunas.

O seu modo de xestión descríbese en detalle no procedemento «XD-01: control dos documentos».

Outros documentos

En función das necesidades, pode ser necesario ou aconsellable elaborar documentos de apoio tales como instrucións, guías, manuais...que poden complementar a descrición de actividades dos procesos.

O seu modo de xestión descríbese no procedemento «XD-01: control dos documentos».

Rexistros de calidade

Algúns dos anexos, unha vez cubertos, convértense en rexistros de calidade. Os rexistros recollen datos obxectivos das actividades efectuadas e dos seus resultados.

Proporcionan probas do desenvolvemento ou da conformidade do funcionamento do SGC en relación coas esixencias das directrices. O seu modo de xestión descríbese en detalle no procedemento «XD-02: control dos rexistros».

A comunicación das modificacións da documentación de calidade (manual de calidade e procedementos) realízase segundo se describe no anexo 3 «Listaxe de distribución da documentación de calidade».

Anexos

Anexo 1. Política e obxectivos de calidade

Anexo 2. Listaxe de procedementos en vigor

Anexo 3. Listaxe de distribución da documentación de calidade

Política e obxectivos de calidade

POLÍTICA DE CALIDADE

A política e os obxectivos de calidade da Eido derivan da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade no ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para conseguir a satisfacción das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o do seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran. Así, establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- ✓ Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, ás necesidades e ás expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nos seus programas, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, no espírito crítico e na capacidade de análise e de reflexión.
- ✓ Alcanzar o recoñecemento no ámbito nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas aos indicadores académicos, con especial relevancia nos que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese.
- ✓ Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua sobre calidade do persoal docente e investigador, do persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e a continuidade dos sistemas e dos procesos a ela vinculados.
- ✓ Asegurar a implantación, o desenvolvemento e o seguimento tanto do sistema de garantía interna de calidade como de todos os programas vinculados coa calidade que afectan a Eido e os programas de doutoramento.
- ✓ Acadar un compromiso permanente de mellora continua como norma de conduta, e propoñer realizar as accións necesarias para o mantemento e a mellora da calidade.

OBXECTIVOS DE CALIDADE


1 Renovar a acreditación dos programas de doutoramento responsabilidade da Universidade de Vigo.

Indicador: n° PD que renovan a súa acreditación

Metas		
2019	2020	2021
4 PD	5 PD	12 PD

2 Mellorar a satisfacción do alumnado implicado na formación doutoral a través dunha atención directa e individual, que facilite o seu progreso, que evite o abandono, que mellore os seus resultados académicos e que o sitúe nunha posición de vantaxe competitiva ante a súa inserción no ámbito laboral ou de investigación.


*Indicador: Resultados das enquisas de satisfacción (escala de 1 a 5)
-IPD19 ACSUG-*



Metas		
2019	2020	2021
3,5	3,6	3,7

3 Mellorar a satisfacción dos restantes axentes implicados nos programas de doutoramento, xerando un marco de confianza e de seguridade.


*Indicador: Resultados das enquisas de satisfacción (escala de 1 a 5)
-IPD19 ACSUG-*



Metas		
2019	2020	2021
3,65	3,7	3,75

4 Afianzar e ampliar a rede de colaboración internacional, con especial atención no marco da eurorrexión transfronteiriza, Hispanoamérica e a comunidade lusófona, mediante a colaboración con universidades e con outras institucións de educación superior.


Indicador: Porcentaxe de teses con mención internacional–IPD18 ACSUG-ou cotutela



Metas		
2019	2020	2021
45%	47,5%	50%

5 Promover a captación de estudantes internacionais.

Indicador: Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados–IPD6 ACSUG-



Metas		
2019	2020	2021
25%	26%	27%

6 Mellorar a formación do persoal na calidade en doutoramento.

Indicadores: actividades formativas sobre calidade en doutoramento

*PAS: Porcentaxe de persoas que realiza actividades formativas
(valores acumulados)*

*PDI: Porcentaxe de programas de doutoramento con PDI que
realiza actividades formativas (valores acumulados)*

Estudantes: n° de actividades formativas realizadas

Metas		
2019	2020	2021
PAS: 85%	PAS: 90%	PAS: 100%
PDI: 80%	PDI: 85%	PDI: 90%
Estudantes: 1 actividade	Estudantes: 1 actividade / campus	Estudantes: 1 actividade / ámbito

7 Obter a certificación ~~do~~ **do** deseño do sistema de garantía de calidade da Eido.

Metas		
2019	2020	2021
Certificación do deseño	Implantación e mellora	Certificación da implantación

Listaxe de procedementos en vigor

<i>Código</i>	<i>Denominación</i>	<i>Índice en vigor</i>
PROCESOS ESTRATÉXICOS		
Dirección Estratéxica (DE)		
DE-01	Estratexia	00
DE-02	Revisión do SGC	00
Xestión da Calidade e Mellora Continua (MC)		
MC-01	Xestión das queixas, suxestións e parabéns	00
MC-02	Medición da satisfacción	00
PROCESOS CLAVE		
Xestión dos Programas (XP)		
XP-01	Deseño e aprobación dos programas	00
XP-02	Seguimento, mellora e acreditación dos programas	00
XP-03	Suspensión e extinción dos programas	00
Formación dos/as investigadores/as (FI)		
FI-01	Aprendizaxe e avaliación dos/as doutorandos/as	00
FI-02	Xestión da mobilidade	00
FI-03	Autorización e defensa da tese	00
Xestión Académica (AC)		
AC-01	Admisión	00
AC-02	Atención ao estudantado e orientación profesional	00
Información Pública (IP)		
IP-01	Información pública e rendemento de contas	00

PROCESOS SOPORTE

Xestión Documental (XD)

XD-01 Control dos documentos 00

XD-02 Control dos rexistros 00

Xestión do Persoal (PE)


PE-01 Xestión do persoal de apoio 00

PE-02 Xestión do persoal académico 00

Xestión da Infraestrutura (IA)

IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos 00

Listaxe de distribución da documentación de calidade

Ámbito		Destinatarias/os	Soporte
TODOS OS PROCESOS			
Vicerreitorías con competencias en calidade, en docencia e en investigación		Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado Vicerreitoría de Investigación Vicerreitoría de Transferencia	
Eido	Equipo directivo	Dirección da Eido	
	Comisión de Calidade	Persoas membros da Comisión de Calidade	
	Comité de Dirección	Persoas membros do Comité de Dirección	
Administración e servizos	Xerencia	Xerencia	
	Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao	Xefe/a de servizo	
	Área de Calidade	Dirección da Área de Calidade Técnicos/as superiores de calidade	
EN FUNCIÓN DE CADA PROCESO (Adicionalmente e en función da súa implicación)			
Vicerreitorías		Vicerreitor/a	
Secretaría Xeral		Secretaría Xeral	
Eido	Programas de doutoramento	Coordinadores/as dos programas	
Centros	Equipos directivos/ decanais	Direccións ou decanatos	
Administración e servizos	Servizos e unidades	Xefatura do servizo ou unidade	
	Administración de centros	Administrador/a de centro	
Centros de investigación		Dirección do centro	
Departamentos		Dirección do departamento	



- A Área de Calidade realiza unha distribución telemática mediante unha mensaxe que inclúe información sobre o documento (identificación, contidos, modificacións respecto a versións anteriores, outros comentarios relevantes...).
- Esta pode ser ampliada en cada ámbito aos órganos ou ás persoas que se considere oportuno (comisións, grupos de investigación, persoal das unidades...), en función das actividades e responsabilidades en cada un dos procesos.
- Esta listaxe aplicarase para a distribuír a documentación tanto na fase de comentarios como tras a súa redacción definitiva.